

## SEMANA 11 AO 15 DE MAIO

Esta semana imos a traballar "AS FORZAS" e para iso temos que empregar o segundo tomo do libro de física e química (tema 7 páx 114)

Imos a comezar lendo as páxinas 116 e 117. Debes prestar moita atención á definición de Forza da páxina 116 e anotar no teu caderno o cadriño da definición, xunto coas unidades de medida das forzas que son os Newton (N)

A continuación pasaremos á páx 118 na que poderemos ver os diferentes tipos de forzas. Debes facer un esquema dos mesmos no caderno.

Para comprender ben as lecturas veremos o seguinte vídeo:

<https://youtu.be/bv89Bs187aU>

Por último pasaremos á páxina 119 onde veremos a diferenza entre masa e peso.

Debes ler moi ben a páxina e despois ver o seguinte enlace:

<https://youtu.be/Jp1NinV9IKQ>

A diferenza entre ambos conceptos debes anotala na libreta. Fíxate ben nos exemplos do cadro da páxina 119 que permiten calcular a masa a partir do peso e o peso a partir da masa.

$$\text{PESO} = \text{MASA} \cdot \text{GRAVIDADE} \rightarrow P = m \cdot g$$

( g é a aceleración da gravidade que sobre a superficie da terra acada o valor de  $g = 9,81 \text{ m/s}^2$ )

Exemplo 1: calcular o peso a partir da masa (multiplicamos a masa por 9,8 porque é o valor da gravidade sobre a superficie da terra)  $\rightarrow P = m \cdot g$

Exemplo 2: calcular a masa a partir do peso (dividimos o peso entre 9.8 porque é o valor da gravidade sobre a superficie da terra)  $\rightarrow m = P / g$

Ao rematar de ler e facer os resumos debes facer as actividades que indico ao final do documento:

Ler páxinas: 116, 117, 118 e 119

Actividades: páx 117 ( 1, 2), páx 119 ( 1, 2, 3, 4 e 5)